




UNIDADE DIDÁCTICA

DÁLLE UNHA VOLTA AOS XOGUETES

Campaña Municipal para favorecer
un uso non sexista dos xoguetes



OBXECTIVO

Esta Unidade Didáctica pretende axudar á creación dunha visión crítica por parte de nenos e nenas cara aos diversos xeitos en que os xoguetes lles son presentados, e moi especialmente, cara á publicidade.

Na actualidade, leis e tímidos códigos deontolóxicos limitan as posibilidades de que os creativos de publicidade poidan dirixir especificamente as súas mensaxes a nenas e nenos por separado. Por iso non é xa frecuente atopar anuncios en que unha nena xoga cunha cociña ou un neno cun coche. As evocacións máis evidentes foron eliminadas para dar paso a estratexias máis sutís pero non menos efectivas: o emprego de cores diferentes nos fondos de determinadas páxinas dos catálogos, as ilustracións nas caixas dos xoguetes, as voces nos anuncios de televisión... Pese á renovación formal das mensaxes, o fondo segue a ser o mesmo ou moi similar.


Na Unidade Didáctica propónse unha serie de actividades para nenas e nenos de Infantil e Primaria que procuran chamar a atención sobre o absurdo que resulta que nun contexto de integración, imprescindible en calquera estratexia educativa transversal e

sobre valores, os xoguetes sigan a ser un índice de diferenza. Sobre todo no Nadal, cando a industria xogueteira responde á chamada da demanda coa segmentación do mercado: por idades, por tipos de xoguetes e, aínda tamén, por sexo.

É dicir, o que fai a industria é responder a unha demanda. É isto o que obriga a pensar a nais e pais, educadores e educadoras, no seu importante papel nun cambio pendente e necesario, un cambio que vai máis aló dunha modificación nos usos das xogueterías á hora de promocionar os xoguetes. Na medida en que nenas e nenos aprendan a interpretar as mensaxes que lles chegan, mesmo da propia sociedade, terán máis capacidade crítica e, polo tanto, poderán construír a súa personalidade con menos prexuizos.

A estrutura desta ferramenta de traballo práctica de 24 páxinas permite aos educadores/as utilizar as fichas que consideren máis axeitadas para a formación dos seus alumnos/as, xa que en cada actividade está sinalado o ciclo ao que vai dirixido (azul para Infantil e verde para Primaria).

SUMARIO



		PÁXINA	DIRIXIDO A
Conto das Raíñas Magas	■	4	■
Conta o conto	■ ■	6	■ ■
A que xogamos con...?	■ ■	8	■ ■
Recuncho de Xogos	■	12	■
Que xoguetes me gustan?	■ ■	13	■ ■
O que nunca lle regalaría a...	■	15	■
Como están ordenados os xoguetes?	■	16	■
O xoguete invisible	■ ■	18	■ ■
Videoxogos	■	20	■
Mural "Xuntos/as"	■ ■	22	■ ■

Unidade Didáctica: Dálle unha volta aos xoguetes
 Edita: Concellería da Muller do Concello de Vigo.
 Realización: Imaxe Nova de Comunicación. Depósito legal: xxxxxxxx
 Para máis información pode chamar ao teléfono: 986 810 284



Concellería da Muller
Concello de Vigo



Concello de Vigo



ACTIVIDADE

1

**CONTO DAS
RAÍÑAS MAGAS**



OBXECTIVO

Fomentar a necesidade do reparto de tarefas e responsabilidades entre homes e mulleres nun ámbito de normalidade. Respecto e diálogo na familia e necesidade de negociación para a resolución de conflitos cotiáns.

TIPO DE ACTIVIDADE

- Contacontos, co apoio dos debuxos, que presentan o comezo da historia.
- Diálogo.
- Debuxar o resto da historia e colorear.

MATERIAL

- DOCUMENTO 1: Viñetas co comezo do conto das Raíñas Magas.
- Lapis de cores.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora comezan a contar o conto das Raíñas Magas co apoio dos debuxos. Os nenos/as espertan na noite de Reis e sorprenden ás Raíñas Magas deixando os xoguetes xunto á árbore de Nadal. A sorpresa é maiúscula ao se decataren de que son mulleres as que levan os agasallos. Elas explican que sempre foi así. Reis e Raíñas Magas repártense todas as tarefas: o ano en que as Raíñas entregan os xoguetes, os Reis atenden na casa aos pequenos príncipes e pequenas princesas e o resto das responsabilidades.




Concellería da Muller
Concello de Vigo

DOCUMENTO

1

CONTO DAS
RAÍNAS
MAGAS



ACTIVIDADE

2

CONTA O CONTO



OBXECTIVO

Reflexionar sobre os papeis que a tradición atribúe a mulleres e homes a través dos contos populares. Esta actividade propón un cambio nestes papeis mediante a imaxinación. Trátase de elixir contos populares, e converter aos protagonistas femininos en masculinos e aos masculinos en femininos, para despois comentalos entre todas e todos.

TIPO DE ACTIVIDADE

- Contacontos, co apoio dunha ficha para colorear.
- Imaxinación e reflexión.

MATERIAL

- FICHA 1: Presenta tres exemplos de contos coas personaxes para colorear.
- Lapis de cores.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora invita a nenas e nenos a inventar a historia de “Carapuchiño Vermello”, “Pinocha” e “Cincento”. A partir de aí pódense inventar máis contos partindo de “Polgariña”, “A gata con botas”... Despois nenas e nenos poden comentar que versión do conto lles gusta máis, e por que. Os máis cativos e cativas poden colorear a ficha e debuxar novas personaxes.



Concellería da Muller
Concello de Vigo


FICHA

NOME:

1
CONTA O
CONTO



CARAPUCHIÑO VERMELLO



PINOCHA




CINCENTO

Colorea as personaxes destes contos.

ACTIVIDADE

3

**A QUE XOGAMOS
CON...?**



OBXECTIVO

Amosar as múltiples formas de gozar dun xoguete. Reflexionar sobre os seus usos e as súas posibilidades. Imaxinalos con outras formas, cores e tamaños. Observar como é o xoguete por fóra e reflexionar sobre como é o seu interior. Responder en común as preguntas: Quen pode xogar con este xoguete? A que se pode xogar con el...?

TIPO DE ACTIVIDADE

- Sesión de Imaxinación e reflexión co apoio dunha ficha práctica.
- Colorear e picar debuxos de xoguetes.
- Recortar e pegar fotografías de xoguetes.

MATERIAL

- FICHAS 2 e 3. Presentan catro exemplos de debuxos de xoguetes para colorear e picar cun punzón.
- Lapis de cores e punzón.
- FICHA 4. Espazo para pegar fotografías de xoguetes.
- Catálogos de xoguetes e tesoiras.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora invita a nenas e nenos a colorear os xoguetes que aparecen na ficha ou a recortar e pegar (no caso dos alumnos/as de Primaria) fotografías de xoguetes. Con esta actividade preténdese a observación dos distintos tipos de xoguetes e das súas características, así como a súa utilización e os seus usos.





Concellería da Muller
Concello de Vigo

FICHA

NOME:.....

2

A que xogamos con...?




Colorea e pica os xoguetes. Explicálles aos teus compañeiros e as túas compañeiras como xogarías con eles.

FICHA

NOME:.....

3

A que xogamos con...?



Colorea e pica os xoguetes. Explicalles aos teus compañeiros e as túas compañeiras como xogarías con eles.

FICHA

NOME:.....

4

A que xogamos con...?

Recorta e pega 4 xoguetes do catálogo e discute cos teus compañeiros e coas tuas compañeiras como xogariades con eles.

ACTIVIDADE

4

**RECUNCHO
DOS XOGOS**



OBXECTIVO
Fomentar na clase diferentes recunchos de xogos (coches, casas, construcións...) de xeito que todos os nenos e nenas pasen polos diferentes recunchos. Converter a aula nun gran centro de xogo colectivo: un día no recuncho no que menos integración de nenos houbo e outro no que menos participaron as nenas.
TIPO DE ACTIVIDADE
-Sesión de xogos.
MATERIAL
-Xoguetes.
PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE
Educador ou educadora organiza na aula diferentes recunchos de xogos, de xeito que todos os alumnos e alumnas pasen periodicamente por todos os recunchos. Posteriormente pódese invitalos a que comenten como xogaron, se se divertiron e que apartados lles gustaron máis.




Concellería da Muller
Concello de Vigo

ACTIVIDADE

5

QUE XOGUETES ME GUSTAN?



OBXECTIVO

Reflexionar sobre os xoguetes que lles gusten máis ao alumnado, a través de debuxos e recortes de fotografías. Analizar cada xoguete. Hai xoguetes de nenos? Hai xoguetes de nenas? Hai xoguetes para ambos?

TIPO DE ACTIVIDADE

- Sesión de imaxinación e reflexión co apoio dunha ficha práctica.
- Debuxar e colorear os xoguetes preferidos do alumno/a.
- Recortar e pegar fotografías de xoguetes.

MATERIAL

FICHA 5

- (Infantil).- Espazo para debuxar os catro xoguetes preferidos do alumno/a.
- Lapis de cores.
- (Primaria).-Espazo para recortar e pegar catro fotografías de xoguetes.
- Catálogos de xoguetes e tesoiras.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora invita a nenos e nenas a debuxar e colorear os xoguetes que máis lles gustan (Infantil) e a recortar fotografías dos seus xoguetes preferidos (Primaria). Posteriormente poden comentar as súas preferencias e explicar os motivos que os levaron a escoller uns xoguetes e rexeitar outros.



Concellería da Müller
Concello de Vigo

FICHA

NOME:.....

5

Que xoguetes me gustan?

Debuxa ou pega aquí os xoguetes que máis che gustan e explica por que.

ACTIVIDADE

6

**O QUE NUNCA LLE
REGALARÍA A...**



OBXECTIVO

Reflexionar, a través dos comentarios dos nenos e nenas, sobre se existen prexuízos á hora de escoller un determinado agasallo. Comentar se a elección de xoguetes é diferente dependendo de se o receptor/a é un neno ou unha nena.

TIPO DE ACTIVIDADE

-Sesión de reflexión e diálogo.

MATERIAL

-Cátalogs de xoguetes.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora propón aos alumnos/as que expliquen os motivos polos que non regalarían un xoguite determinado a outro compañeiro ou compañeira, elixidos ao azar. Invitar á clase a pór en común esta experiencia.




Concellería da Muller
Concello de Vigo

ACTIVIDADE

7

**COMO ESTÁN
ORDENADOS
OS XOGUETES**



OBXECTIVO
<p>Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica respecto das mensaxes publicitarias sobre xoguetes, a través do análise detallado de varios catálogos de xoguetes.</p> <p>Analizar a súa estrutura. Ademais de por idades e tipos de xoguetes, estes folletos publicitarios tamén están ordenados por cores.</p>
TIPO DE ACTIVIDADE
<p>-Sesión de observación, reflexión e diálogo co apoio dunha ficha.</p>
MATERIAL
<p>-FICHA 6.-Presenta varios espazos para que os alumnos/as organicen os tipos de xoguetes que lles amosan os catálogos.</p> <p>-Catálogos de xoguetes.</p>
PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE
<p>Educador ou educadora propón ao alumnado a observación detida de catálogos de xoguetes. Comentar a súa estrutura, a utilización das cores, (rosa para as nenas, azul para os nenos) e a presenza de nenos ou nenas nas fotografías xogando cun ou outro xoguete. Preguntarse por que a publicidade fai diferenzas entre xoguetes para nenos e para nenas se todos e todas podemos xogar co que máis nos guste.</p>



Concellería da Muller
Concello de Vigo

FICHA

NOME:.....

6

Como están
ordenados
os xoguetes

--	--	--

Como ordenarías ti os xoguetes do catálogo? Recorta e pega.

ACTIVIDADE

8

O XOGUETE INVISIBLE



OBXECTIVO

Pór en práctica unha variedade do xogo “O amigo invisible”. Os alumnos e alumnas agasallarán ou elixirán un xoguete para os seus compañeiros/as sen coñecer a súa identidade. Deste xeito, non estarán condicionados pola elección de xoguetes que reproduzan roles tradicionais.

TIPO DE ACTIVIDADE

- Sesión de xogos.
- Debuxar e colorear.

MATERIAL

FICHA 7.-Espazo para que os nenos/as debuxen o xoguete elixido para agasallar a un compañeiro/compañeira.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora propón á clase a realización do xogo “O xoguete invisible”, no que cada neno/nena deberá debuxar un xoguete para agasallar a outro alumno/a sen que coñeza a súa identidade. Despois porase en común esta elección e os nenos/as poderán comentar se o xoguete elixido sería distinto coñecendo a identidade do compañeiro/a.




Concellería da Muller
Concello de Vigo

FICHA

NOME:.....

7

O xoguete invisible




Debuxa un xoguete co que che gustaría agasallar a un compañeiro/a sen saber se é neno ou nena.

ACTIVIDADE

9

VIDEOXOGOS



OBXECTIVO

A través de debuxos, presentaranse diversas modalidades de videoxogos, dende os máis violentos ou competitivos ata os máis educativos e participativos. Nenos e nenas expresarán as súas preferencias e falarán sobre os seus hábitos: Cánto tempo xogan coa videoconsola? Que tipo de xogos teñen na súa casa?

TIPO DE ACTIVIDADE

-Sesión de reflexión e diálogo.

MATERIAL

-FICHA 8.-Presenta debuxos con varias modalidades de videoxogos.

PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Educador ou educadora invita a nenas e nenos a comentar as súas preferencias de videoxogos e a elixir na ficha os seus preferidos. Comentar na clase a importancia de limitar o seu tempo de uso e a utilización de videoxogos que non sexan sexistas, violentos ou racistas.




Concellería da Muller
Concello de Vigo

FICHA


NOME:.....

8


Videoxogos



ESTRATEXIA




AVENTURA E ROL




PUZZLES E PREGUNTAS


SIMULADORES



ARCADE




DEPORTES



A que tipo de xogos xogas na videoconsola? Sinálalos cun X.

ACTIVIDADE

10
MURAL
XUNTOS/AS



OBXECTIVO
Actividade final na que os alumnos e alumnas poderán plasmar nun mural as súas sensacións sobre o traballo desenvolvido na aula.
TIPO DE ACTIVIDADE
-Elaboración dun mural conxunto.
MATERIAL
Poderán utilizarse todos os elementos empregados no traballo da clase, os recortes de xoguetes ou debuxos e viñetas amosados nas fichas e os que realizaron os nenos e as nenas.
PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE
O educador ou educadora coordina a elaboración dun mural conxunto de toda a clase no que se resuman as actividades realizadas desta Unidade Didáctica. Valoración final desta experiencia.



Concello de Vigo



Concellería da Muller
Concello de Vigo